

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 09.01.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:10 horas do 09.01.2014, baixo a presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá (quen se incorpora no punto quinto da orde do día) e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Don Fernando Aradas García

Interventora accidental:

Dona Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do 03.10.2013 e da extraordinaria do 20.12.2013

Non habendo obxeccións, as actas quedan aprobadas.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 1268/2013 á 1339/2013

Os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta do escrito presentado polo grupo político municipal do Partido Popular relativo modificación dos membros suplentes das Comisións informativas permanentes

Os concelleiros danse por informados.

4. Aprobación, se procede, da proposta da concellaría de Persoal de corrección do erro material advertido na táboa da RPT incluída no anexo "IV Parte RPT resultante"

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 2 abstencións (1 do grupo socialista e 1 do grupo municipal do BNG) na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio ambiente realizada o 30.12.2013:

"PROPOSTA DA CONCELLARÍA DELEGADA DE PERSOAL

Asunto: Corrección do erro material detectado na RPT definitivamente aprobada en sesión plenaria de 05.12.2013

A relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Fene foi aprobada inicialmente na sesión plenaria do 03.10.2013, posteriormente someteuse a exposición pública por un prazo de 20 días

e, unha vez rematado, foi aprobada definitivamente na sesión plenaria do 05.12.2013, detectándose con posterioridade a esta aprobación definitiva un erro material na táboa da RPT resultante.

Así a proposta de organigrama e relación de postos de traballo do Concello de Fene recóllese como anexo na acta do Pleno do 03.10.2013 e logo de ver o punto "IV Parte RPT resultante", no que se recolle un cadro detectouse un erro material no posto con código 06.03.00.02, concretamente na súa columna "Escala/Subescala/Categ.", de xeito que onde di: "A.E.(S.E)" debe dicir: "SEGÚN CONVENIO".

Logo de ver o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: "As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

É polo que, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte acordo, previo ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente:

1.-Corrixir o erro material advertido na táboa da RPT incluída no anexo "IV Parte RPT resultante" e aprobada definitivamente polo Pleno o pasado 5.12.2013 de tal xeito que

Onde di: "A.E.(S.E)"

Debe dicir: "SEGUNDO CONVENIO"

2.-Publicar a presente retificación no BOP.

Fene, 19 de decembro de 2013
O concelleiro delegado de Persoal
Alejandro Dopico Rodríguez"

Abre o debate o concelleiro delegado de persoal, don Alejandro Dopico Rodríguez, que di que trátase de corrixir un erro material que non afecta para nada á redacción da RPT.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, que di que se van abster, como fan con todas as cuestións relacionadas coa RPT, xa que no seu día tamén se abstiveron cando se aprobou.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que se van abster aínda que no seu día apoiaron a aprobación da RPT, pero non se senten partícipes respecto dos erros que se poidan atopar e pensan que é o goberno quen ten que asumir a corrección deses erros.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se vai abster.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Corrixir o erro material advertido na táboa da RPT incluída no anexo "IV Parte RPT resultante" e aprobada definitivamente polo Pleno o pasado 5.12.2013 de tal xeito que

Onde di: "A.E.(S.E)"

Debe dicir: "SEGUNDO CONVENIO"

2. Publicar a presente rectificación no BOP.



5. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía sobre a incompatibilidade do concelleiro don Juventino Trigo Rey

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do PP e 1 abstencións do grupo municipal socialista Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio ambiente realizada o 30.12.2013:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

O 16.04.2013 emiten informe conxunto a secretaria e interventora municipais sobre a prohibición para contratar coas administracións públicas na que se di “[...] Segundo a documentación que obra nestas dependencias, despréndese que a entidade Trigosegur, S.L. en calidade de mediador non está sendo retribuído directamente polo Concello. Non obstante o anterior e aínda que non media precio directo a satisfacer por parte da Administración, o contrato de mediación existe coa entidade Trigosegur, S.L. e, polo tanto, co Sr. Rey Trigo que ostenta a titularidade do 55% do capital social e elo aínda como contrato verbal que se perfecciona, neste caos, pola asunción de vontades das partes contratantes [...]” e conclúen “Dacordo cos feitos e normativa que foron anteriormente expostos e ós efectos de poder aclarar as eventuais consecuencias xurídicas que poideran derivarse, parece necesario que polo órgano de contratación, Alcaldía, se requira ó concelleiro Sr. Rey Trigo que acredite fehacientemente non estar incurso en prohibicións para contratar coa Administración dende a súa toma de posesión como concelleiro da corporación municipal”.

O 17.04.2013 mediante escrito de alcaldía requírese a D. Juventino J. Trigo Rey que achegue documentación acreditativa da relación mercantil existente coa aseguradora AXA AURORA IBERICA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (AXA en adiante), en relación cos contratos subscritos co Concello de Fene, antes e despois da súa toma de posesión como concelleiro.

O 03.05.2013 D. Juventino J. Trigo Rey presenta un escrito no que pon de manifesto que é administrador de Trigosegur, S.L. e que “só intervén na mediación da póliza de xubilación dos traballadores do Concello (pólizas 55029003, 55026506, 55026505, e 55028508), que o Concello de Fene en subscrita con “AXA Seguros”, e que foi contratada entre o Concello e a Compañía Aseguradora en febrero de 1996”. Ademais, achega copia do contrato de 01.02.2007 de axencia de seguros exclusiva que mantén coa aseguradora AXA.

Conforme ó sinalado pola Xunta Consultiva de Contratación do Estado (informe 52/07) a concorrencia dunha causa de incompatibilidade/prohibición de contratar nunha empresa que teña subscrito un contrato cunha Administración pública cando sobreveña con posterioridade á súa perfección, non ocasiona a nulidade de pleno dereito do contrato, sen prexuízo dos efectos que poida producir respecto da persoa incompatible. Ante a documentación achegada polo concelleiro, a prohibición de contratar produciuse dun xeito sobrevido que non converte en nula a relación contractual mantida.

A Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral sinala no artigo 178.2 que son incompatibles coa condición de concelleiro “[...] d) Los contratistas o subcontratistas de contratos, cuya financiación total o parcial corra a cargo de la Corporación Municipal o de establecimientos de ella dependientes [...]”.

Trigosegur, S.L. é a entidade mediadora de diversos contratos de seguro que este concello ten coa empresa aseguradora AXA. Deste xeito, o Concello de Fene mantén unha relación contractual de mediación con Trigosegur, S.L. retribuíndose indirectamente do concello como consecuencia dos contratos de seguro nos que realiza a mediación ó percibir unha comisión da empresa aseguradora, tal e como se desprende da copia do contrato achegado polo concelleiro “Sobre las pólizas realizadas y administradas por la Agencia Exclusiva, mientras esté vigente el presente Contrato, la Compañía abonará por todas las gestiones a su cargo, las comisiones que se indican, para cada producto, en el anexo denominado “Cuadro de Comisiones””.

O artigo 178.3 da Lei orgánica 5/1985 sinala “Cuando se produzca una situación de incompatibilidad los afectados deberán optar entre la renuncia a la condición de Concejal o el abandono de la situación que, de acuerdo con lo establecido en el apartado anterior, dé origen a la referida incompatibilidad. Cuando la causa de incompatibilidad sea la prevista en el apartado 2.e) del presente artículo, se aplicará lo dispuesto en el artículo 6.4 de esta Ley [...]”.

O artigo 10 do Real decreto 2568/1986 polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sinala "1. Los Concejales y Diputados deberán observar en todo momento las normas sobre incompatibilidad y deberán poner en conocimiento de la Corporación cualquier hecho que pudiera constituir causa de la misma. 2. Producida una causa de incompatibilidad y declarada la misma por el Pleno corporativo, el afectado por tal declaración deberá optar, en el plazo de los diez días siguientes a aquel en que reciba la notificación de su incompatibilidad, entre la renuncia a la condición del Concejel o Diputado o el abandono de la situación que dé origen a la referida incompatibilidad. 3. Transcurrido el plazo señalado en el número anterior sin haberse ejercitado la opción se entenderá que el afectado ha renunciado a su puesto de Concejel o Diputado, debiendo declararse por el Pleno corporativo la vacante correspondiente y poner el hecho en conocimiento de la Administración electoral a los efectos previstos en los artículos 182 y 208 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral". Na mesma liña o artigo 6 do regulamento orgánico do Concello de Fene (BOP núm. 156 do 08.07.2008) sinala "[...] 4. Producida unha causa de incompatibilidade e declarada a mesma polo Pleno corporativo, o afectado por tal declaración deberá optar, no prazo dos dez días seguintes a aquel no que reciba a notificación da súa incompatibilidade, entre a renuncia á condición de Concelleiro/a, ou o abandono da situación que dea orixe á referida incompatibilidade. 5. Transcurrido o prazo sinalado no número anterior sen ter exercitada a opción, entenderase que o afectado renunciou ó seu posto de Concelleiro/a, debendo declararse polo Pleno corporativo a vacante correspondente e poñer o feito en coñecemento da Administración Electoral ós efectos previstos no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral [...]".

Polo tanto, a causa de incompatibilidade debe ser declarada polo Pleno do Concello de Fene e, unha vez declarada, o afectado debe optar no prazo de dez días entre a renuncia á condición de concelleiro ou ó abandono da situación que da orixe á referida incompatibilidade.

O 06.06.2013 o concelleiro D. Juventino J. Trigo Rey presentou un escrito no que comunica que notificou o 06.05.2013 a AXA a intención de Trigosegur, S.L. de cesar como mediador das pólizas de xubilación 55029003, 55026506, 55026505, e 55028508 que a dita aseguradora ten contratadas co Concello de Fene. A tal efecto, pon de manifesto que é necesaria a aceptación do Concello de Fene para que o cese se faga efectivo.

Polo anterior, sendo precisa a declaración de incompatibilidade polo Pleno do Concello de Fene para posteriormente aceptar, por esta causa, o cese da entidade Trigosegur, S.L. como mediador de seguros, esta alcaldía propón ó Pleno, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Declarar a causa de incompatibilidade entre a condición de concelleiro de D. Juventino J. Trigo Rey e a condición de administrador da empresa Trigosegur, S.L. ó ter a dita empresa unha relación contractual co Concello de Fene como mediadora de diversas pólizas de seguro (55029003, 55026506, 55026505, e 55028508) que o Concello de Fene ten contratadas.

SEGUNDO.-Omitir o trámite de comunicación da presente resolución ao interesado aos efectos de que no prazo de 10 días opte entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación que deu orixe á incompatibilidade, por entender que dita opción está realizada coa presentación do escrito de 5.6.2013 no que comunica ao concello a súa intención manifestada a AXA Seguros de cesar como mediador e entendendo, polo tanto, que opta pola súa condición de concelleiro.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado comunicándolle que pon fin á vía administrativa e fronte a ela poderá interpor:

1.- Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que o dictou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

2.-Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa

específica, se produza o acto presunto. Sen perxuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, con sede en Ferrol, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

Fene, 4 de decembro de 2013.
O alcalde
Gumersindo P. Galego Feal”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, que di que lle gustaría pospoñer a súa quenda de intervención e permitirlle ao concelleiro, don Juventino José Trigo Rey que explique as súas razón e poder intervir logo das súas explicacións.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Juventino José Trigo Rey, que di que, como xa explicou na comisión, o pasado mes de maio presentou un escrito no que lle solicitaba ao Concello a aceptación da renuncia de Trigosegur, SL como mediador das pólizas de seguros contratadas coa compañía AXA. A día de hoxe, 7 meses despois, o Concello aínda non contestou este escrito. O cambio de mediador de seguros é un procedemento que está á marxe da posible incompatibilidade e a renuncia presentada o 30 de maio pode ser aceptada sinxelamente se por parte do Concello, por calquera, ben polo alcalde, ben polo concelleiro delegado, que poden aceptala como se acepta calquera outra póliza de seguros que teña contratado un particular. O único que hai que facer, á marxe de calquera posible incompatibilidade, é comunicar o cambio de mediador. O interese deste concelleiro, en todo momento, foi solucionar o asunto canto antes, máis que nada polo ben de todos as traballadoras e traballadores do concello que a data de hoxe aínda non teñen feitas esas achegas que xa tiñan que estar feitas.

Prosegue a dicir que a proposta da alcaldía lle parece confusa, por un lado di que é necesaria a aceptación do Concello para que o cese se faga efectivo e iso non ten nada que ver coa incompatibilidade, así o tomador do seguro, o Concello de Fene, só ten que aceptar o cambio de mediador. Outra cousa sería a incompatibilidade, se xa non hai ningunha relación de Trigosegur, SL co Concello o expediente xa se pode deixar. A finalidade é a mesma, rematar co asunto canto antes e que o Concello faga o pagamento do seguro en favor dos traballadores. O punto primeiro da proposta da alcaldía declara a incompatibilidade e o punto segundo, ao omitir a comunicación ao interesado, dá por feita a renuncia como así consta. Tanto na resolución da alcaldía como no informe técnico hai un erro importante que condiciona todo o informe, xa que a pesar de que el é mediador de seguros titulado, o que se coñece como corredor de seguros, nunca actuou como tal, exerce como axente exclusivo dunha compañía de seguros, e isto regúlase na sección segunda da lei e non na terceira como di o informe técnico. A proposta tamén fala do informe 52/07 pero é impreciso, xa que hai outros informes respecto dos axentes que din que non existe incompatibilidade.

Continúa dicindo que cuestión aparte lle merece o goberno de Fene logo de ver a noticia de onte do Diario de Ferrol, o que lle fai pensar que ou ben o goberno local non se entera de nada ou ben actúa con mala fe, así dise que é voceiro do grupo municipal do BNG, que é voceiro da **corporación fenesa dende o 2011 e que é propietario da Xestoría Perlío** o cal non é certo e engade que se reserva accións doutro tipo. É increíble que a día de hoxe haxa xente que non saiba distinguir entre xestoría e asesoría; el ten unha asesoría. Outra cousa é que se puxo en boca da intervención deste Concello algo que nunca dixó, “un informe da intervención ven a demostrar que a empresa de Trigo viene haciendo cargo de la gestión de seguros” e en ningún momento o informe de intervención di iso. Di que ten varias empresas e unha delas é a que ten o contrato con AXA e non é Asesoría Perlío nin Xestoría Perlío, polo que se está afectando a esa empresa dicindo en público nos xornais cousas que non son certas. Respecto do dito na nota de prensa de que a única saída viable é que o concelleiro renuncie a seguir xestionando os fondos di que a proposta da alcaldía di outra cousa, que é que a renuncia está feita dende maio, polo que non sabe a que ven dicir no xornal isto, algo que xa está resolto hai meses. Por último hai outra cousa que é unha verdadeira salvaxada, pois dise “... a seguir xestionando os fondos de pensións dos traballadores municipais”, cousa que non o é, xa que o xestor será un banco, pero que ata aí non chega. Di que o PP leva gobernando xa 3 anos e semella que aínda hoxe non saben o que teñen contratado, xa que os traballadores de Fene non teñen un fondo de pensións contratado.

Remata dicindo que hai que resolver este tema canto antes e que hai cousas que non son de comentar agora pero que son máis graves que todas estas incongruencias.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde para dicir que o debate se centra na proposta da alcaldía xa que as informacións que poden saír nos xornais teranse que contrastar co periodista que as sacou e di que se atopa unha nota de prensa do PP coa información que dixo ten reservadas as accións que estime oportunas.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, que di que ten certas dúbidas sobre o expediente que se trae hoxe ao pleno e pensa que non é preciso traer isto ao pleno cando está presentada a renuncia dende o mes de maio, e de facto a incompatibilidade está anulada. Tamén ten dúbidas porque o informe de intervención que se apuntou non di categoricamente que se produza unha serie de incompatibilidades, xa que está redactado dun xeito un pouco condicionado e tamén ten dúbidas respecto da dobre figura e das diferenzas entre corredor e axente. En definitiva non teñen claro que se estea a producir unha situación evidente de incompatibilidade. Respecto dos xornais di que esta vez non son afectados, aínda que algunha vez xa o foron. Parécelle un pouco impresentable o que se publicou, se poden ter criterios diferentes e discrepar do que se queira pero cando se utilizan os xornais para facer acusacións persoais, que afectan aos medios de vida, as súas empresas e ao seu prestixio, cando se xoga co pan de cada un pensa que se pasan todas as liñas. A nota de prensa di "dende o equipo de goberno se considera..." polo que ou minte o xornalista ou o equipo de goberno.

Prosegue a dicir que non sabe, que a impresión que dá e que se usa o asunto para desprestixiar e para aquilo que transcende dos límites da política. Solicita que se estude mellor este asunto, que as cuestións que dixo o concelleiro Juventino José Trigo Rey sexan tidas en conta e se estuden mellor. Entende que quedan facturas sen pagar cando aínda non se comezara a incompatibilidade dos anos 2010 e 2011 e ademais unha vez renunciada a súa condición xa non hai posibilidade de incompatibilidade, polo que solicita que se estude mellor.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que non ten ningunha dúbida ao respecto do dito polo concelleiro Juventino José Trigo Rey. O expediente e unha chapuza e non entende porque ten que vir ao pleno cando xa ten renunciado. O máis rastreiro foi a información do xornal. Entendo que o periodista puxera o que quixo pero, en calquera caso, se lle pasara a ela tería outra nota de prensa na que diría que non dixo tal e na que pediría desculpas á persoa á que se menciona, porque de calquera modo, estase a xogar co seu posto de traballo. Sinte o máis absoluto desprezo para quen emitiu a nota de prensa ou, en todo caso, para quen lle correspondería rectificala e non a rectificou.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal popular, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que dille ao voceiro do grupo municipal do PSOE, respecto das dúbidas de que isto sexa causa de incompatibilidade, que hai un informe que o fundamenta ben as claras, e respecto de que este asunto teña que vir ao pleno, dille que os servizos xurídicos acreditan que a competencia para a declaración de incompatibilidade é segundo este procedemento. Sorpréndelle e chámalle poderosamente a atención a gran sensibilidade que teñen os dous voceiros do PSOE e do BNG e dilles que este goberno non se caracteriza por ir aos xornais. Respecto do dito pola voceira do grupo mixto dille que se queda sen palabras respecto da rotundidade con que se manifestou neste Pleno, logo daquelas manifestacións tan duras que fixera e non retirou senón que as confirmou. Dille ao concelleiro Juventino José Trigo Rey que lle chama a atención como lle doe que se fale del cando o seu grupo, con mentiras, non se cortou en acudir á prensa, polo que dilles que non veñan falando da guerra sucia deste goberno, que presupón que aquela nota de prensa que apareceu non a dirían toda vostedes, porque se non iría ao xulgado. Se vostede quere exercer algunha acción legal a ten na súa man e a pode facer pero, primeiro debía contrastar co periodista de onde sacou a información.

Prosegue a dicir que o concelleiro Juventino José Trigo Rey tomou posesión en xuño de 2011 e detectouse esta posible causa de incompatibilidade que deu lugar a este expediente. Lamenta as manifestacións da voceira do grupo mixto de que é unha chapuza. Os antecedentes son claros e sinxelos sendo o pleno o órgano competente para declarar a causa de incompatibilidade. A empresa cobra comisións polos seguros do concello. A persoa que elaborou este informe está de vacacións, e di que o que quere dicir é que obvia o trámite de comunicación porque se entende que vostede xa o comunicou, xa que unha cousa é que vostede renuncie e outra cousa é a causa

de incompatibilidade, que a ten que declarar o pleno que é o que se deriva do informe xurídico. En relación co dito de que presentou o escrito en maio de 2013 di que ninguén o escondeu, pero non pode imputar a súa negligencia ao concello ao dicir que os traballadores están sen percibir por culpa disto, así o voceiro socialista dixo que faltan por pagar 2009 e 2010 e que hai algún traballador xubilado, antes de que entrase o PP no goberno, que non percibiu o que lle corresponde. Que é o que pasou para que eses traballadores xubilados anos antes non percibiran esas cantidades?. Dille ao concelleiro Juventino José Trigo Rey que se entrevistou coa secretaria municipal e díxolle que é o pleno quen ten que declarar a incompatibilidade deste asunto.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Juventino José Trigo Rey que di que hai que ler con calma. Quérelle agradecer ao alcalde que os demais non poidan falar dos xornais e que a voceira do PP o poida facer. Non fixo en ningún momento mención a si é o pleno o órgano competente para declarar a incompatibilidade, non discute a competencia. Unha cousa é que o concello lle conteste o escrito e outra cousa é a posible incompatibilidade, xa que no caso de que contestara ao escrito xa non habería incompatibilidade posible. Di que non pode dicirlle a ninguén que traballadores cobraron e cales non, nin as cantidades que cobraron nin ningún outro dato, porque son datos privados deles, e todos saben perfectamente porque cobraron unha cantidade ou deixaron de percibir outra. Insiste en que as súas dúbidas veñen porque no 2011, cando tomou posesión, na declaración de bens constaba a empresa mediadora de seguros, do que é propietario nunha porcentaxe determinada, figura todo, non se ocultou nada en ningún momento e os servizos técnicos deste Concello saben que dende o ano 1996 a póliza está contratada e os membros do equipo de goberno tamén. Cando presentou a declaración de bens non se declarou ningunha incompatibilidade. Así hai consultas do ano 2011 de data 17.06.2011 que veñen a dicir que non existe incompatibilidade coa axencia de seguros porque dita axencia non percibe nin un euro do Concello senón que a percibe unha compañía de seguros da que non é socio, así o concello non lle paga a Juventino Trigo nin a Trigosegur, SL, polo que pensa que non hai incompatibilidade. No momento de tomar posesión fixo consultas ao respecto e díxeronlle que non había incompatibilidade ningunha. Dous anos máis tarde dise nun informe que pode haber incompatibilidade e el non é adiviño. Respecto do último recibo que ten pagado o concello, que fixo este equipo de goberno, corresponde ao exercicio 2009 cando el nin moitos dos que aquí están eran concelleiros.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera, que di que reitera as dúbidas e acláralle á voceira do PP que non ten ningunha dúbida de que é o pleno o competente para declarar a incompatibilidade dun concelleiro senón que, unha vez renunciado á incompatibilidade, esta situación xa non se dá e non sería preciso a declaración de incompatibilidade e non sería preciso darlle tanta pompa a un acto xa intrascendente.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal popular, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que se reitera no informe dos técnicos municipais no que se recolle o escrito de 07.06.2013. Considera que o informe tramitouse no senso que se ten que tramitar. Falou dunha serie de consultas de concelleiros doutros concellos. A continuación fai uso da palabra o concelleiro Juventino José Trigo Rey que dixo que son consultas da Xunta Consultiva. Prosegue a dicir a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente que o mellor que puido facer é ter feito a consulta el mesmo. Respecto do trámite das primas di que pensa que a súa empresa, como mediadora percibiu comisións por estas pólizas. Tamén dille que tivo unha comunicación e tivo un prazo de alegacións para facer constar todas estas alegacións. Non sabe se esta proposta vai saír adiante, pero leva unha serie de recursos dos que pode votar man segundo establece a Lei. Repítolle que os técnicos municipais coñeceran a súa situación tarde non lle exime da súa responsabilidade. Dicir que non sabe o que cobran non é así, cando o concello recibe un escrito dun traballador que reclama o que lle corresponde podemos saber como está ese tema. O informe xurídico é claro, recolle os antecedentes e acredita documentalmente o seu escrito e a súa renuncia a ser mediador de seguros, que si é certo que ao mellor o concello lle tiña que contestar e dicirlle á compañía que aceptaba a súa renuncia, pode ser, pero non significa que non existise unha causa de incompatibilidade, que existiu dende xullo de 2011 cando tomou posesión, que é o único que está acreditado.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Juventino José Trigo Rey, que di respecto do dito de que podera facer alegacións non é certo, que a notificación se obvia por entenderse feita a renuncia e non se lle notificou nada, só viu o expediente cando consultou a documentación da Comisión correspondente, polo que non puido facer alegación

ningunha, nin dicir que pensa que hai un erro. Como axente de seguros, podería informar do que cobra un traballador ao goberno municipal pero non aquí como concelleiro.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde para pedir que se centre o debate na proposta da alcaldía e se deixe de falar dos xornais e do traballo dos axentes de seguros.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, don Juventino José Trigo Rey, que di que a prensa ten que ver con este asunto.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia o voto en contra da proposta, porque atenta contra o dereito constitucional de que todas as persoas poidan presentarse ás eleccións, atenta contra o dereito ao traballo e a traballar naquelas profesións que estimen oportunas. En toda a lexislación di que non hai incompatibilidade dun contrato que se fixo con anterioridade á toma de posesión dun cargo. O goberno actuou a mala fe e mentindo ante os medios de comunicación. Parécelle mentira que o goberno utilice aos funcionarios municipais coma arma arrojadiza e coma parapeto para defender determinados tipos de cuestións, parécelle escandaloso. Juventino Trigo deixou clarísimo que solicitou o cambio de mediador pero agora din que non. Hai que mirar para outros concellos pequeniños onde empresas coma xestorías, asesorías ou ferreterías fan traballos para o concello porque non hai outra empresa que o faga. O que non se pode é vir ao concello a chupar ou a meter cazo, pero dende cando non se pode traballar?. Neste caso Juventino Trigo demostrou boa fe total e absoluta, fixo declaracións de intereses, que se renovan ano a ano, e logo de 2 anos para estudar as causas de incompatibilidade se trae este expediente?. Dille ao goberno municipal que teñen moita cara, que o máis importante é que os traballadores do concello cobren cando se xubilen, cousa que o PP dende 2012 impide coa resolución que impide achegar cartos aos plans de pensións ou aos plans de aforro. Por todo isto van votar en contra.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, don Iván Puentes Rivera que dille á voceira do grupo municipal do PP que non intente poñerlle en contra dos informes municipais porque el nunca vai en contra daqueles e confía, ademais, na súa profesionalidade. Outra cousa é o que dixo antes, que se está moi lonxe de que se existe a suposta incompatibilidade, esta poida subsistir, polo que solicita que se poida estudar mellor o tema. Por iso van votar en contra.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto anuncia que votarán en contra polos motivos expostos polos voceiros dos grupos do BNG e do PSOE.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que lle reitera ao voceiro do PSOE que non pon en dúbida que el dubide dos técnicos municipais, só lle remite ao informe que dá conta da tramitación deste expediente. Pídelle a mesma sensibilidade cando isto lle pase a outro membro da Corporación. Ao voceiro do BNG dille que o goberno non se ausenta desas votacións porque ao mellor votou no mesmo sentido que vostede propuxo e tampouco o anterior goberno na anterior lexislatura non se ausentou dunha votación cando lle afectaba algo porque votou no mesmo sentido que o BNG lle pedía. Aquí hai un señor que é concelleiro dende o ano 2011, e como explicou el mesmo, é membro dunha sociedade que ten un contrato representando como mediador dunha empresa. Logo de analizar o expediente existe unha causa de incompatibilidade que se trae ao Pleno.

O voceiro do grupo municipal do PSOE preguntalle á voceira do grupo municipal do PP cal é a alusión que lle fixo.

A voceira do grupo municipal do PP contéstalle que lle solicita que cando outro membro da Corporación saia nos xornais a se lle aludan falacias e mentiras que teña a mesma sensibilidade, e que esta se manteña respecto das alusións dos demais membros dos demais partidos. Trátase dunha petición ou rogo.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que non se vai retirar a proposta porque pensa que os informes de secretaría e intervención son ben claros e a Lei impón levar a cabo esta votación.

De seguido, procédese á votación ordinaria, sen o voto do Concelleiro Juventino José Trigo Rey.

Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación por 10 votos en contra (5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 6 votos e favor do grupo do PP.

6. Aprobación, se procede, da proposta de anulación de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescripción

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 4 votos (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal socialista) e 2 abstencións do grupo municipal do BNG na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 30.12.2013:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Asunto.- Anulación de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados por prescripción.

Logo de ver o informe da Tesoureira municipal de 20 de novembro de 2013 que transcrito di:

“Asunto: Prescripción de dereitos recoñecidos de exercicios pechados.

I. Antecedentes.

-Informe de Intervención do 30/04/2013 sobre proposta de incoación de expediente de depuración colectiva de dereitos pendentes de cobro.

-Providencia da Alcaldía do 08/08/2013.

-Listado do programa de contabilidade de saldos iniciais de dereitos recoñecidos de exercicios pechados, adxunto a dita providencia.

-Informe da Técnico de Xestión Financeira e Recadación do Concello de Fene en relación ao expediente de depuración colectiva de obrigas e dereitos recoñecidos de exercicios pechados de data 25/10/2013.

II. Normativa.

-Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

-Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

-Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

-Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

III. Contido.

1.-Á vista da providencia da Alcaldía de data 08/08/2013, recibida por quen isto subscribe o 19/08/2013, na que se establece que, logo de ver o informe da Intervención municipal sobre a liquidación do exercicio 2012 no que se pon de manifesto a existencia de dereitos recoñecidos pendentes de cobro correspondentes ós exercicios 2001 e seguintes que a día de hoxe figuran pendentes de cobro e que, por outra banda, non figuran traspasados á Deputación Provincial para o seu cobro en vía executiva, e logo de ver o disposto nas BEO do exercicio 2012, prorrogado, e co fin de que a contabilidade sexa unha imaxe fiel da situación económica patrimonial deste concello, se incoe expediente de depuración de dereitos recoñecidos de exercicios pechados, incorporándose a estos efectos informe da Tesoureira municipal con proposta motivada e detallada de baixas a aplicar en cada caso. E á vista asimesmo do listado do programa de contabilidade AGORA que se adxunta á providencia, no que se detallan os titulares dos dereitos recoñecidos dos que foi incoado expediente de depuración, e comprobado que en poder da funcionaria que subscribe non obra ningunha documentación relativa a ditos dereitos, solicítase informe ó respecto da Técnico de Xestión Financeira e Recadación.

2.-No informe da Técnico de Xestión Financeira e Recadación, recibido o 05/11/2013, se ven a indicar o seguinte respecto ós saldos de dereitos recoñecidos de exercicios pechados que figuran no listado do programa de contabilidade do expediente:

-Os importes de 2.933,00.-euros en concepto de “Serv. tratamento residuos”, titular “debedores rec. Lixo”, e 81,97.-euros en concepto de “Otras tas.p.serv.c.prefer”, titular “debedores cemiterio”, corresponden a unha serie de valores do exercicio 2005 relativos á taxa pola recollida do lixo (os 2.933,00.-euros) e á taxa pola conservación do cemiterio municipal (os 81,97.-euros)

respectivamente, que foron traspasados á Deputación Provincial da Coruña para que procedera ó seu cobro, en virtude do acordo plenario do 26/10/2009, de delegación de competencias recaudatorias nese organismo provincial, polo que deberían terse dado de baixa no momento de dito traspaso.

Procedería polo tanto, a xuízo de quen esto subscribe, a baixa de ditos valores polo motivo indicado.

Se indica a maiores no informe que tamén constan na contabilidade como pendentes de cobro por DR recibos do padrón fiscal exercicio 2008 do IVTM por importe de 415,56.-euros, e do padrón fiscal exercicio 2009 do IVTM por importe de 587,30.-euros, e que estes recibos foron traspasados o 18/04/2012, xunto cós referidos anteriormente, á Deputación Provincial para o seu cobro. Polo que procedería asimesmo a baixa dos mesmos por dito motivo.

-Respecto ós importes de 67,09.-euros (concepto "Tasas outros servicios urb." e titular "debedores taxas/pz.públ."), 347,72.-euros (concepto "Resultas ejercicios anter." e titular "ROLOMA"), 491,74.-euros (concepto "Resultas ejercicios anter." e titular "AQUAGEST") e 86,55.-euros (concepto "Tasa expedición de docume." e titular "AQUAGEST"), correspondentes a dereitos recoñecidos exercicio 2003, se indica no informe os titulares e os conceptos concretos de ditos dereitos e que se atopan duplicados, no primeiro caso por ingreso de 13/02/2004, e nos outros tres porque xa foron descontados no pago da certificación de obra. Polo tanto, procedería, a xuízo de quen esto subscribe, a baixa deses valores polo motivo indicado no informe.

-Respecto ós importes de 9,27.-euros (concepto "I.B.I. Rústica" e titular "Deputación A Coruña") e 156,40.-euros (concepto "I.B.I. Urbana" e titular "Deputación A Coruña"), correspondentes a dereitos recoñecidos exercicio 2005, se indica no informe que se trata dun erro material de contabilización xa que os recibos datados son os propostos para baixa polo ente provincial, polo tanto non corresponderían a valores pendentes de cobro.

-Respecto ó importe de 150,74.-euros (concepto "Otros impuestos indirecto." e titular "Debedores licencia obras"), correspondente a dereitos recoñecidos exercicio 2006, se indica no informe que dito dereito en concepto de ICIO se atopa duplicado có grabado a nome de Manuela López Fornos. Polo tanto, procedería, a xuízo de quen esto subscribe, a baixa de dito valor polo motivo indicado.

-Respecto ós dereitos recoñecidos polo concepto publicidade na emisora municipal, que figuran no listado do programa de contabilidade, en concreto no concepto presupostario 34900 ("Otros precios públicos"), indicar en primeiro termo que, na documentación remitida a quen subscribe o presente informe, se adxuntan unha serie de documentos, que segundo a información facilitada, aportou o funcionario xxxxxxxxxxxxxx con motivo deste expediente, entre os que figuran facturas asinadas por diversos funcionarios e polo Alcalde titular naquelas datas, unidas a documentos contables DR e IVA Repercutido sen asinar, relativas a algúns dos dereitos recoñecidos que figuran no listado de contabilidade. A este respecto, se indica no informe da Técnico de Xestión Financeira e Recadación que a xestión e cobro polo concepto de emisión de publicidade foi levada a cabo por persoal e/ou empresas externos, e que non tivo acceso aos expedientes a partires da aprobación das facturas que se presentaban pola Alcaldía. Se indica asimesmo no informe que a partir do exercicio 2007, RADIOFUSIÓN presentaba contratos-factura que unha vez informados pola Intervención eran aprobados por Resolución da Alcaldía, non constándolle cargo algún á empresa nin contas xustificativas, pola súa parte, dos ingresos recadados. Finalmente manifesta que a partires do exercicio 2008 non consta xa ningún dereito por este concepto, agás a liquidación practicada a FM COMUNICACIÓN CB, polo concepto de cuñas publicitarias no exercicio 2007-2008 e 2009, aprobadas por Resolución da Alcaldía 851/2010 de 5/11/2010.

Á vista do anterior cabe concluir que, en tanto non se tivo acceso a ditos valores e á documentación relativa aos mesmos e á súa aprobación por parte da Recadación municipal, nin se dispuxo no seu momento nin se dispón actualmente de información sobre os mesmos. Polo que entende quen esto subscribe que quizáis o máis axeitado, sería proceder a da-los de baixa en canto non corresponden a valores reais pendentes de cobro na Recadación municipal, e en atención asimesmo ó obxectivo de imaxe fiel da propia contabilidade.

-Respecto ós importes de 774,47.-euros (concepto "Serv. recogida de basuras" e titular "FS BOANDANZA"), 13.595,27.-euros (concepto "Serv. recogida de basuras" e titular "FS BOANDANZA"), 7.128,40.-euros (concepto "Serv. recogida de basuras" e titular "FS BOANDANZA"), e 6.658,18.-euros (concepto "Servicios deportivos" e titular "FS BOANDANZA"), refírense todos eles segundo o informe da Técnico de Xestión Financeira e Recadación a dereitos

recoñecidos polo concepto de taxa por utilización de instalacións deportivas, exercicios 2001, 2002, 2003 e 2004 a nome de dita entidade.

Con relación ás débedas de importes 774,47.-euros, 13.595,27.-euros e 7.128,40.-euros, se aporta, segundo informe da Técnico de Xestión Financeira e Recadación, expediente atopado nas oficinas xerais do Concello, do cal se desprende que foi ditada providencia de prema de ditas débedas con data 28/05/2004, e notificada na mesma data; tamén que foi concedido un fraccionamento de ditas débedas en tres prazos (20/06/2005, 20/06/2006 e 20/06/2007) por Resolución da Alcaldía nº 424/2004 de 15/06/2004, que foi notificado na mesma data, segundo parece desprenderse da lectura de dito expediente. Consta asimesmo no expediente un acordo de colaboración entre o Concello de Fene e o FS Boandanza para a compensación de débedas asinado o 17/06/2004, no que se indicaban uns límites máximos que non podería superar a anterior débeda de dita entidade có Concello nas datas 20/06/2004, 20/06/2005 e 20/06/2006, de xeito que a 20/06/2007 a débeda pendente quedaría a cero. Se indicaba que dito acordo se resolvería no momento no que a entidade incumprise calquera das condicións nel recollidas, caso éste no que procedería ó abono inmediato de toda a débeda.

Á vista do anterior e tendo en conta que se toma coñecemento da situación deste expediente á data presente por parte de quen isto subscribe, o único que pode manifestarse neste momento é que, unha vez incumplido o primeiro prazo do pago fraccionado do 20/06/2005, debería de terse continuado cos trámites previstos na normativa recadatoria para intentar efectuar o cobro de ditas débedas, pois tal e como se indicaba na R. A. nº 424/2004 do 15/06/2004 e no informe de Tesourería previo ó fraccionamento da débeda emitido por esta funcionaria o 14/06/2004, a consecuencia da falta de pago sería a continuación do procedemento de prema para exaccionar tódala débeda fraccionada pendente. E así no caso de que se comprobase que dita entidade non contase con bens ou dereitos embargables, en definitiva medios económicos realizables para o cobro do débito, tal e como indicaba no seu día o representante de dita entidade na solicitude de fraccionamento para comunicar que por dito motivo lle fora denegada a concesión de aval polas entidades bancarias, debería terse procedido de conformidade co disposto nos artigos 61 a 63 do Regulamento Xeral de Recadación, mediante a declaración de fallido do debedor, e o intento de exacción da débeda ós responsables solidarios, e no seu defecto ós responsables subsidiarios, e no último caso de non existencia de éstos ou de declaración de fallido dos mesmos, deberían de terse declarado como créditos incobrables.

Mais, no momento procedimental no que nos atopamos, e dada a non realización de ningún tipo de actuación administrativa respecto a ditos valores, tal circunstancia fixo entrar en xogo o mecanismo da prescripción, posto que dende xuño de 2004, xa transcurriron máis de catro anos, sen que fose realizada ningún tipo de actuación respecto de ditas débedas, e non conste no expediente ningún tipo de acto interruptivo de dita prescripción nos termos do artigo 68 da Lei Xeral Tributaria. Polo tanto, procedería, a xuízo de quen isto subscribe, aprobar a súa baixa por prescripción de conformidade co disposto no artigo 66 da Lei Xeral Tributaria.

Con relación á débeda de importe 6.658,18.-euros, indicar que consta no expediente atopado nas oficinas xerais Resolución da Alcaldía nº 424/05 do 08/07/2005, pola que se aproba a compensación da liquidación da taxa por uso de instalacións deportivas correspondente ó período do 01/11/2003 ó 31/10/2004 por importe de 10.879,18.-euros a nome de FS Boandanza cunha subvención por importe de 4.221.-euros, quedando pendente de pago a favor do Concello o importe de 6.658,18.-euros. Non consta no expediente nin a notificación de dita débeda nin a da compensación efectuada mediante a meritada resolución.

O mesmo que no caso das débedas anteriores a nome de dita entidade, indicar que á vista do anterior e tendo en conta que se toma coñecemento da situación deste expediente á data presente por parte de quen isto subscribe, o único que pode manifestarse neste momento é que, aparte de que dita compensación debería terse aplicado en primeiro termo ás tres débedas anteriores (de importes 774,47.-euros, 13.595,27.-euros e 7.128,40.-euros) por ser as máis antigas, debería de terse continuado cos trámites previstos na normativa recadatoria para intentar efectuar o cobro de ditas débedas, e o mesmo que para as anteriores débedas no caso de que se comprobase que dita entidade non contase con bens ou dereitos embargables, en definitiva medios económicos realizables para o cobro do débito, debería terse procedido de conformidade co disposto nos artigos 61 a 63 do Regulamento Xeral de Recadación.

Polo que, no momento procedimental no que nos atopamos, e á vista de todo o anterior, e do disposto no artigo 66 da Lei Xeral Tributaria, o que resulta procedente á data, a xuízo de quen isto subscribe, é a baixa de dita débeda por prescripción, posto que dende a compensación realizada mediante R.A. do 08/07/2005 (última actuación do expediente, aínda que sen constancia da notificación), xa transcurriron máis de catro anos, sen que fose realizada ningún tipo de actuación respecto de ditas débedas, nen conste no expediente ningún tipo de acto interruptivo de dita prescripción nos termos do artigo 68 da Lei Xeral Tributaria.

3.-En conclusión, infórmase que, a xuízo de quen subscribe, procedería a baixa dos valores incluídos no listado do programa de contabilidade polos motivos expostos para cada un dos mesmos no punto 2 do apartado "III.Contido" do presente informe.

Este é o meu informe, sen perxuízo de calquera outro mellor fundado en dereito. No entanto o anterior o órgano competente acordará o que estime máis oportuno para os intereses municipais.

Fene, 20 de novembro de 2013.

A Tesoureira,

Asdo.: M^a de los Ángeles Vivero Fresco."

Logo de ver o informe da Interventora municipal de 29 de novembro de 2013 que transcrito di:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: CORRECCIÓN SALDO INICIAL DE DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE EJERCICIOS PECHADOS POLOS SEGUINTE MOTIVOS: PRESCRIPCIÓN E OUTRAS CAUSAS.

Remitida para a súa fiscalización informe-proposta de depuración dos saldos iniciais emitido pola Tesoureira municipal relativo ós conceptos arriba mencionados, por importe global de 41413.70 € euros, ésta Intervención ó abeiro do establecido no artigo 214 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, emite o seguinte INFORME

I) Antecedentes.-

- Informe da Intervención municipal de 30/04/2013.
- Providencia da Alcaldía de 08/08/2013 incoando expediente de depuración de saldos.
- Informe da Técnico de Xestión Financeira e de Recadación de 25 de outubro.
- Informe da Tesoureira municipal de 20/11/2013.
- Resolución da Alcaldía de nº 1234, de 06/11/2013.

II) Normativa de aplicación.-

- Lei 7/85, Reguladora de Bases de Réximen Local
- RDL 2/2004, de 5 de marzo
- RD 500/1990.
- Instrucción de Contabilidade para a Administración Local
- Bases de Execución do orzamento 2010, prorrogado.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria.
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.
- Plan Xeral de contabilidade pública e principios contables públicos.

III) Feitos

A vista do expediente de Liquidación del Presuposto de 2012, por parte de quen suscribe propónse a incoación de expediente co fin de que se leven a cabo as actuacións tendentes a comprobar si o importe que figura contabilizado na conta 431, DEBEDORES POR DEREITOS RECOÑECIDOS PENDENTES DE COBRO DE EJERCICIOS PECHADOS, resulta correcto e se coincide ou non coa suma de todos os recibos-valores que existen materializados en recibos-liquidacións como pendentes de cobro a 31/12/12 correspondentes ós exercicios 2001 a 2007, ámbolos incluídos.

Neste sentido, cómpre advertir que non se remiten a esta Intervención todos os soportes físicos documentales (nos casos en que así proceda) dos recibos/liquidacións que figuran como dereitos pendentes de cobro na contabilidade municipal.

Como cuestión previa, indicar que aínda que con data de 20 de novembro a Tesoureira municipal informa que procede a baixa dos dereitos recoñecidos de exercicios pechados por importes de 2933 e 81.97 € (referencias contables nº 3206 e 3224, respectivamente), indicar que os mesmos xa foron obxeto de anulación por Resolución da Alcaldía nº 1234 de 6 de novembro.

III) Análise e consecuencias das circunstancias que concorren no presente expediente.-

a) Baixas por prescripción.

De conformidade co disposto no artigo 66 da LXT "Prescribirán a los cuatro años los siguientes derechos:

b) El derecho de la Administración para exigir el pago de las deudas tributarias liquidadas y autoliquidadas"

..."

De conformidade co sinalado no artigo 69.3 LXT "La prescripción ganada extingue la deuda tributaria".

Independentemente das circunstancias obrantes neste caso, e sen perxuício da eventual esixencia das responsabilidades a que haxa lugar (para o cal é preciso ter en conta os elementos personais e materiais de que, en cada caso, se dispoñen, tal como indica o artigo 40 da LOTC), segundo se informa pola Tesoureira municipal queda acreditado o transcurso do prazo de catro anos que sinala a normativa anteriormente mencionada, para esixir o pago das débedas tributarias liquidadas ó FS Boandanza (G15218324) por un importe de 28156,32 €.

Procedemento para a declaración da prescripción de débedas.-

-A declaración de prescripción producirá a anotación contable da anulación do recoñecemento do dereito por prescripción na agupación orzamentos pechados (exercicios 2001, 2002, 2003, 2004 por importes de segundo 774,47 €; 13595.27 €; 7128.40 €; 6658.18 €, respectivamente), de conformidade co sinalado na ICAL.

-Polo tanto, é aplicable o sinalado na Base 67ª das BEO 2012, prorrogado no relativo ó procedemento para a prescripción de dereitos de exercicios pechados: Acordo do Pleno previo dictamen da Comisión Informativa, exposición pública do acordo por período de quince días e acordo definitivo polo Pleno da Corporación para o caso de presentarse reclamacións, noutro caso o acordó provisional elevarase a definitivo.

b) Anulación de dereitos pendentes de cobro por outras causas.

O importe total do pendente de cobro que resultaría necesario depurar por estes motivos é de 13257,38 €, dos cales:

-1143.84 € corresponden a valores dos cales se informa pola Tesoureira que se trata de duplicidades contables (ben por atoparse xa ingresados, ben por ser obxecto de compensación ou ben por ser coincidente co doutro debedor).

- 165.67 € corresponden a valores dos cales segundo se informa pola Tesourería se trata de erros de contabilización na medida en que foi contabilizado un dereito cando se trataba de valores que foran anulados pola Deputación.

-11947.87 € corresponden a dereitos polo concepto do prezo público por emisión de publicidade na emisora municipal respecto dos que a Tesoureira municipal se informa que procede "...da-los de baixa en canto no corresponden a valores reais pendentes de cobro na Recadación municipal..."

En relación con estes dereitos, e polos motivos que logo se exporán, esta Intervención considera que á vista do informado non procedería a baixa destes dereitos neste intre.

Así, no informe de Tesourería de 20 de novembro, faise unha exposición sucinta dos feitos acaecidos respecto deste tipo de ingresos, informándose que, tal e como informa a Técnico, a xestión recadatoria deste tipo de ingresos se levaba a cabo por personal/ empresas externas (se ben non se especifica en que período), o que conlevou que "... en tanto non se tivo acceso a ditos valores e á documentación relativa aos mesmos e á súa aprobación por parte da Recadación municipal, nin se dispuxo no seu momento nin se dispón actualmente de información sobre os mesmos. Polo que entende quen esto suscribe que quizáis o máis axeitado, sería proceder a da-los de baixa en canto no corresponden a valores reais pendentes de cobro na Recadación municipal..."

A xuízo desta funcionaria, non resulta posible aplicar como motivo de baixa o feito de que non se correspondan con valores reais pendentes de cobro na unidade de recadación e elo porque efectivamente, e máis dende o momento de que foi instruído un expediente en relación coa emisión de publicidade levada a cabo irregularmente por FM Comunicación, CB do que resultou a práctica dunha liquidación tributaria por este concepto á citada empresa, non pode alegarse como xustificación para a baixa dos dereitos que "non se corresponden con valores reais pendentes de cobro na Recadación municipal" posto que pode ocorrer que ditos valores se atopan noutras dependencias. Entende esta Interventora que con carácter previo á proposta de baixa

deberíase pola Tesourería recabar toda a información e os soportes documentarles destes ingresos de cada unha das unidades/personas que no seu día xestionaron liquidacións, sumar o importe desos dereitos pendentes de cobro que foron aprobados formalmente e que existen a 31/12/2012, e cruzar dita información cos importes reflectidos na contabilidade municipal a 31/12/2012.

Trátase de verificar se o saldo que figura contabilizado na conta 431 (DEbedores por dereitos recoñecidos, exercicios pechados) a 31/12/2013 coincide ou non coa suma de todos os recibos-valores que existen materializados en recibos-liquidacións como pendentes de cobro a 31/12/2012, propoñendo a partir desa comprobación as rectificacións contables que resulten oportunas en cada caso.

Procedemento para a súa corrección. Nos casos en que se informa favorablemente a baixa destes dereitos, é de aplicación o procedemento simplificado previsto na BEO 67ª, do orzamento de 2012, prorrogado, correspondéndolle a competencia ó Sr. Alcalde.

Fene, a 29 de novembro de 2013.

A INTERVENTORA

Asdo.: Marta Roca Naveira"

Considerando que a proposta formulada trae a súa causa no análisis efectuado da efectiva composición dos saldos en diferentes contas representativas de masas patrimoniais integrantes do Balance da Entidade Local, como resultan ser as que se refiren ó Grupo 4 "Debedores por dereitos recoñecidos" e , en orde a todo elo, a determinar a materialidade dos saldos resultantes.

Consideando que do análisis efectuado se deduce a necesidade de depurar determinados saldos do Grupo de contas referido, na que figuran como rexistros contables dereitos da entidade que poden considerarse como non reais por obedecer a supostos de prescripción que aconsellan, en definitiva, a efectiva depuración a que se alude.

Logo de ver que dacordo co establecido nas BEO 67ª/2012 , prorrogado a competencia para aprobar a depuración de dereitos por prescripción lle corresponde ó Pleno.

Logo de ver o informe favorable emitido pola Intervención de Fondos Municipales, esta Alcaldía eleva ó Pleno, previo dictame da Comisión Informativa, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a anulación por prescripción de dereitos pendentes de cobro correspondentes a exercicios xa pechados dende un punto de vista contable por importe de 28156,32 € conforme ó detalle por exercicios que a continuación se expón, ordenando a súa oportuna baixa na contabilidade municipal dacordo cos informes que obran no expediente.

REFª.CONTAB LE 20 13	TERCEIRO	CONCEPTO	MOTIVO	IMPORTE (€)	EXERCICIO
3192	FS Boandanza	30200	Prescripción	774,47	2001
3194	FS Boandanza	30200	Prescripción	13595.27	2002
3193	FS Boandanza	30200	Prescripción	7128.40	2003
3222	FS Boandanza	31300	Prescripción	6658.18	2004

Segundo.-Acordar a exposición pública do acordo mediante edicto inserto no Boletín Oficial da Provincia por un periodo de quince días hábiles.

Terceiro.-O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións

Fene, a 3 de decembro de 2013.

O ALCALDE

Asdo. Gumersindo P. Galego Feal."

Abre o debate o concelleiro delegado de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase de regularizar a imaxe fiel das contas daqueles importes que están indebidamente asignados, a pesar de que algúns deles se poderían facer por Resolución da alcaldía e outros, que son aqueles que obriga a Lei, que serían os que son obxecto de prescrición por ter pasados 4 anos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que se absterán. Na comisión informativa votaron a favor porque o punto foi introducido por urxencia e precisaba de maioría absoluta para poderse incluír na orde do día e formalizar así o trámite. Como se trata diso, dunha cuestión de trámite reitera que se absterán.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que anuncia a abstención.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda

Primeiro. Aprobar a anulación por prescrición de dereitos pendentes de cobro correspondentes a exercicios xa pechados dende un punto de vista contable por importe de 28156,32 € conforme ó detalle por exercicios que a continuación se expón, ordenando a súa oportuna baixa na contabilidade municipal de acordo cos informes que obran no expediente.

REF ^a .CONTA BL E 20 13	TERCEIRO	CONCEPTO	MOTIVO	IMPORTE (€)	EXERCICIO
3192	FS Boandanza	30200	Prescrición	774,47	2001
3194	FS Boandanza	30200	Prescrición	13595.27	2002
3193	FS Boandanza	30200	Prescrición	7128.40	2003
3222	FS Boandanza	31300	Prescrición	6658.18	2004

Segundo. Acordar a exposición pública do acordo mediante edicto inserto no Boletín Oficial da Provincia por un período de quince días hábiles.

Terceiro.-O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións

7. Aprobación, se procede, da proposta de anulación de obrigas recoñecidas de exercicios pechados por prescrición

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 4 votos (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal socialista) e 2 abstencións do grupo municipal do BNG na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 30.12.2013:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- ACREEDORES POR OBRIGAS RECOÑECIDAS CORRESPONDENTES A EXERCICIOS PECHADOS – PROPOSTA DE ANULACION.

Dada conta da proposta de anulación de acreedores por obrigas recoñecidas correspondentes a exercicios xa pechados dende un punto de vista contable e da súa oportuna baixa en Contabilidade, formulada pola Intervención de Fondos Municipales, conforme ó detalle que despois se indicará.

CONSIDERANDO o informado pola Tesoureira municipal en data de 20 de novembro.

CONSIDERANDO que a proposta formulada pola Intervención de Fondos Municipales trae a sua causa no análise efectuado da efectiva composición dos saldos en diferentes contas representativas de masas patrimoniais integrantes do Balance da Entidade Local, como resultan ser as que se refiren ó Grupo 4 de Contas "Acreedores por Obligaciones Reconocidas" e, en orde, todo elo, a determinar a materialidade dos saldos resultantes.

CONSIDERANDO que do análise efectuado dedúcese a necesidade de depurar determinados saldos do Grupo de Contas referido, en concepto no que atañe á conta de "Acreedores por Obrigas recoñecidas" correspondentes a exercicios xa pechados dende un punto de vista contable, na que figuran como rexistros contables obrigas da Entidade que poden considerarse como non certas por obedecer a supostos de prescripción, motivos todos eles que recomentan a depuración dos saldos.

CONSIDERANDO que neste caso é de aplicación o procedemento xeral previsto na BEO 67ª do orzamento do exercicio 2012, prorrogado.

Por todo o exposto, esta Alcaldía formula a seguinte proposta ó Concello Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Facenda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de anulación de Acreedores por Obrigas Recoñecidas por prescripción correspondentes a exercicios xa pechados dende un punto de vista contable por importe de 273.60 € conforme ó detalle por conceptos e exercicios que a continuación se expón, ordenando a sua oportuna baixa na Contabilidade Municipal, dacordo cos informes que obran no expediente.

REFª. CONTABLE 2013	TERCEIRO	APLIC. ORZ.	MOTIVO	IMPORTE	EXERCICIO
3870	G+J, España Ediciones, SL	334/22001	Prescripción	33.60	2008
3700	xxxxxxxxxx	231/48000	Prescripción	240.00	2007
TOTAL					273.60 €

Segundo.- Acordar a sua exposición pública mediante edicto inserto no Boletín Oficial da Provincia por un periodo de quince días hábiles.

Terceiro.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.

Fene, a 29 de novembro de 2013.

O ALCALDE.

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro delegado de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que neste caso trátase de anular aquelas obrigas do concello que xa prescribiron, por ter pasado os 4 anos que marca a Lei.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que fai referencia ao dito respecto do punto anterior.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que anuncia a abstención.

Posteriormente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se absterá.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 11 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda

C.I.F.: P-1503600-G

Primeiro. Aprobar inicialmente a proposta de anulación de acredores por obrigas recoñecidas por prescrición correspondentes a exercicios xa pechados dende un punto de vista contable por importe de 273,60 € conforme ó detalle por conceptos e exercicios que a continuación se expón, ordenando a súa oportuna baixa na contabilidade municipal, de acordo cos informes que obran no expediente.

REF ^a .CONTAB LE 201 3	TERCEIRO	APLIC. ORZ.	MOTIVO	IMPORTE	EXERCICIO
3870	G+J, España Ediciones, SL	334/22001	Prescrición	33.60	2008
3700	xxxxx	231/48000	Prescrición	240.00	2007
TOTAL					273,60 €

Segundo. Acordar a súa exposición pública mediante edicto inserto no Boletín Oficial da Provincia por un período de quince días hábiles.

Terceiro. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.

8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal socialista) e 3 abstencións do grupo municipal PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 30.12.2013:

“MOCIÓN PARA GARANTIR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO ÁS PERSOAS SEN RECURSOS

Exposición de motivos

En Galiza hai máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza e 120.000 en estado de pobreza severa; hai 93.000 fogares con todos os seus membros no paro -12.000 máis que o ano pasado- e existen máis de 33.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, confirmando datos terríbeis de pobreza infantil que no Estado español acada a cifra de 2,2 millóns de nenos e nenas por baixo do limiar da pobreza ou que 6 de cada 10 familias chegan con maiores dificultades a fin de mes.

Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.

O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.

En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de

familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, durante o ano 2012, foron 1,4 millóns de familias as que padeceron este corte no subministro.

Esta situación, a últimos do outono e co inverno ás portas, faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.

Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.

Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as duras condicións climatolóxicas que estamos xa a padecer na entrada deste inverno, fan especialmente necesario que a Xunta de Galiza adopte medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como "pool" eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como "beneficios chovidos do ceo", sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por uha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.

Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

1. Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.
2. Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.
3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilita unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que a moción foi presentada a mediados do mes de decembro cando o goberno cualificou, algo que ata o de agora valía que era o sistema de poxa, como poxa amañada e o ministro Soria descualificou o que se

viña asumindo coma correcto ata o de agora, cunha suba acumulada no último ano de case un 80%. O único que se acadou coa política que mantivo o PP nos derradeiros anos foi acrecentar a pobreza enerxética nos fogares. Hai lexislación doutros estados europeos, Alemania ou Francia, que impiden os cortes eléctricos no inverno mentres que o goberno español só favorece que as eléctricas segan a gañar cartos con cantidades extraordinarias. Dende o BNG pensan que os Poderes Públicos e neste caso o Concello ten que instar á Xunta de Galicia para que actúe e se lexislen medidas que garantan a calidade enerxética todo o ano e para que Galicia, gran produtor eléctrico, se beneficie das instalacións que ten, pois non ten ningún beneficio directo pola xeración de enerxía.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que anuncia que o seu voto vai ser favorable á moción porque o acceso a algo tan básico como é o acceso á electricidade estase convertendo nun luxo e semella que non ten visos de solución. O ministro primeiro garantiu que a luz non ía subir, logo foi un pouquiño, logo anulou a poxa das eléctricas. Todo este proceso foi esperpéntico, pois o proceso anulouse por uns motivos oportunistas e xustificados nuns criterios que xa se viñan dando no pasado, cando o goberno de Aznar dicía que se ía liberalizar o mercado eléctrico o ministro Piqué dixo que baixaría o prezo da luz un 20% e dende aquela o prezo subiu máis dun 80%, asumindo a ideoloxía liberal. Por isto di que hai que cambiar lexislación para que o Estado poida intervir neste sector, que se fixe unha política de prezos máximos, que se tire abaixo esa poxa ficticia, xa que mentres isto non pase non hai nada que facer, algún día explotará o sistema e ao final serán os cidadáns os que o teñan que pagar. Mentres isto non se fai, algo haberá que facer coas familias que non a poden pagar e por iso apoian esta moción para que se garantan o subministro a estas persoas.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará a favor da moción porque comparte o seu contido. É lamentable que moitas familias teñan que escoller entre darlle de comer aos fillos ou pagar a electricidade.

De seguido intervén a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que na exposición de motivos introdúcense unha serie de consideracións políticas que son innecesarios para xustificar que as administracións asuman esta enerxía eléctrica, para a baixa das tarifas das persoas incluídas na exclusión social e aquelas persoas sen recursos. Deixando á exposición de motivos a un lado a parte dispositiva debía ser un pouco máis ambiciosa e así pensa que ben se podería introducir algún punto que afectase máis ao Concello. Respecto destes puntos anuncia que o PP votará a favor. Dille ao voceiro socialista respecto da actuación do ministro Soria, que a cualificou como oportunista que tal vez o que foi é aproveitado, e que dende o goberno de Aznar ata o de agora pasouse polo goberno do señor Zapatero.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

1. Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.

2. Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.

3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

9. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para que se proceda á restauración da instalación "En movemento"

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada desfavorablemente, con 3 votos en contra do PP e 3 votos a favor (1 do grupo socialista, 1 do BNG e 1 do grupo mixto), en segunda votación e co voto de calidade da presidenta na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade realizada o 03.01.2014:

“MOCIÓN PARA QUE SE PROCEDA Á RESTAURACIÓN DA INSTALACIÓN “EN MOVEMENTO”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais de 2006 todos os grupos municipais, agás o PP, adoptaron unha serie de acordos para restituír a honra dos lexítimos representantes da soberanía popular, así como de todas aquelas persoas que, sen responsabilidades institucionais, loitaron entre 1936 e 1979 pola defensa da democracia e o dereito de Galiza ao seu propio autogoberno.

Entre os citados acordos, salienta o encargo á artista Patricia Dopico dunha instalación pensada e concibida para a parede do salón de plenos, obra coa que se pretendía homenaxear ás corporacións municipais da II República, ao tempo que enriquecer e incrementar o patrimonio artístico municipal.

O 23 de decembro de 2006, ao remate da sesión plenaria, tivo lugar un acto solemne no que se procedeu á inauguración da instalación “En movemento”, instalación cuxo valor artístico o propio Concello se encargou de salientar. Para comprobalo, abonda con revisar a páxina web municipal e os diferentes folletos de promoción turística que se editaron dende entón.

Sete anos despois, sen mediar ningún tipo de acordo (xunta de portavoces, pleno, xunta de goberno, resolución da alcaldía...) suxeito a recurso, o goberno do Partido Popular ven de perpetrar un atentado contra o patrimonio artístico municipal. Alcalde e grupo municipal do PP, semella que como homenaxe ao aniversario da Constitución, destrozan a instalación “En movemento” inserindo no seu lenzo un cadro que non só non forma parte do deseño da instalación, senón que desvirtúa a súa composición.

Permítasenos insistir nesta idea: desvirtúa, altera, falsea a instalación que o Concello de Fene adquiriu e forma parte do seu patrimonio. E para evitar interpretacións torticeiras, cómpre poñer de manifesto que pasaría exactamente o mesmo se o cadro inserido, en lugar de ser de El-Rey, fose de Fraga, Castealo, Pablo Iglesias ou “La Pasionaria”. Parrafraseando a Jiménez Losantos, “a barbaridade é a mesma, díga a Agamenón ou o seu porqueiro”.

Tampouco se trata dunha esixencia legal ou da aplicación do ROF (art. 85.2 En lugar preferente del salón de sesiones estará colocada la efigie de S.M. El Rey. Lei 39/1981 e ROF, que o Alcalde e o seu grupo semellan descoñecer ou pretende aplicar nunha interpretación ‘sui generis’ e cuxos textos serían obxecto doutro debate.

Estamos ante unha actuación, coa que Alcaldía e o grupo municipal do Partido Popular volven amosar, dunha banda, o seu particular xeito de entender a democracia: imposición fronte á negociación, políticas de feitos consumados en lugar de acordos e resolucións e, pola outra, coa que fan gala dunhas actitudes máis propias doutros tempos. Compórtanse vostedes como se estiveramos naqueles tempos da xenial novela de Manuel Rivas, “Os libros arden mal”.

Dende o grupo municipal do BNG non podemos permanecer calados ante semellante barbarie e torpeza. Se calamos, se permitimos que este precedente, cal será a próxima “alcaldada”? Retirar da biblioteca municipal aqueles libros que non se axusten aos seus criterios estéticos e/ou ideolóxicos? Cambiarlles as páxinas que non lles gustan? Censurar exposicións de artistas que non lles gustan? Prohibirlle a traballadores e traballadores distribuír propaganda aos seus compañeiros e compañeiras porque critica as políticas do PP? Emborranchar ou facer desaparecer o mural que hai nas portas da Casa do Concello? Cortar cunha radial a escultura “Ano da Memoria” ou da Praza do Dez de Marzo”?

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal adopción do seguinte ACORDO:

1. Reprobar o atentado contra o patrimonio artístico municipal, que se concreta na introdución dun elemento alleo á instalación "En movemento", perpetrado pola Alcaldía e o grupo municipal do PP.
2. Instar á alcaldía para que ordene, á maior brevidade posible e en todo caso antes do próximo pleno municipal ordinario, a restauración da instalación "En movemento", retirando os elementos arbitrariamente introducidos polo Alcalde e o seu grupo, devolvendo a instalación ao seu estado anterior.
3. Instar á alcaldía a que publique, á maior brevidade e en todo caso antes do próximo pleno municipal ordinario, na páxina web municipal e nos medios de comunicación unha nota de prensa na que, en nome da corporación municipal de Fene, pide desculpas á veciñanza por adoptar unha decisión unilateral que atentaba contra o patrimonio artístico municipal, os acordos adoptados pola corporación municipal e os máis elementais valores democráticos ao tempo que se compromete á restauración da instalación "En movemento" nos termos acordados polo concello pleno.
4. Reafirmar o compromiso da corporación municipal co seu patrimonio histórico-artístico, acordando que non poderá ser obxecto de intervención de ningún tipo sen que esa intervención se trate previamente da Xunta de Portavoces e se someta á consideración do órgano corporativo correspondente."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que no Pleno pasado o PSOE preguntou por isto e o seu grupo gardou silencio á espera de que ía facer o goberno, pero algo que estaba aprobado neste Pleno, coa excepción do PP que non quixo, foi a decisión de decorar a cabeceira que preside este Pleno cunha obra artística e isto non se está a respectar.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que en decembro fixeron un rogo e solicitaron que se retirase a imaxe do Rei. Isto é así por varias cuestións, unha primeira que pode ser menor que é unha cuestión de imaxe e estética, xa que este edificio non deixa de ser patrimonio municipal e ten unha imaxe moi determinada. Unha segunda cuestión é que hai varios formatos para presentar ao xefe do Estado, así nos últimos tempos hai distintas imaxes do Rei vestido con traxe e garabata, como civil, e aquí se elixe a foto vestido de militar. En terceiro lugar a lei esixe que o Rei estea nun lugar preferente. Dito lugar non ten que ser na parede presidencial do Pleno, e ben pode ser noutros lugares do Pleno. En lugar disto, colócase no medio dunha instalación municipal que ten a súa importancia, estrégase algo que é patrimonio municipal. Tamén ten unha importancia política e simbólica importante, pois esta instalación lembra ás corporacións republicanas deste Concello, todo o oposto ao que pode significar a monarquía e ademais lembra a centos de veciños de Fene que foron apresados, torturados ou mortos na ditadura franquista, algo que representa e lembra esta instalación, polo que así considerado o tema é grave. Non sabe si foi unha bravocunada do goberno municipal ou foi o propio descoñecemento de que a obra non só son as dez láminas, senón que tamén é o resto da parede coas liñas que ten, en todo caso di que non custa nada colocar o cadro noutro sitio do salón e todos quedarían contentos.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez, que di que votarán a favor da moción e proponse ao BNG que o punto 3 da parte dispositiva fai alusión ás desculpas que se deben facer en nome da Corporación cando debía ser en nome do goberno municipal que foi quen o fixo realmente. Entende que ela non ten que pedir desculpas por algo que non fixo.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que acepta a emenda.

A voceira do grupo mixto volve intervir para solicitar que quiten o marco, aproveiten o cristal e quiten o cadro, que non é cuestión de cambialo de sitio se non que é cuestión de que non pega.

De seguido intervén a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que esta moción entende que é máis unha cuestión de propaganda que un problema real da veciñanza, así queda plasmado na exposición de motivos coma na proposta de acordos tan estratosféricos. Así, sen valorar a exposición de motivos, a moción di que a colocación do retrato

do xefe do Estado no salón de plenos non está suxeita a ningún tipo de acordo e di que a lei esixe a súa colocación nun lugar preferente. Di que quere obviar cualificativos como atentado, estragos e demais que demostra a intención do BNG de levar un asunto de obrigado cumprimento a outras épocas ou réximes, cando confunden con este tipo de cualificativos, así esta moción mestura a ideoloxía propia do BNG e a súa impresión do xefe do Estado con algo de obrigado cumprimento, que non ten nada que ver coas consideración que cada quen poida ter persoalmente. A moción tamén fai referencia á Lei 39/1981 que responde ao uso da bandeira española e outras bandeiras e para nada fala do retrato do Rei nos salóns de plenos. Ao mellor ao BNG veulle á memoria aquel pleno do 2004 no que por iniciativa do PSOE obrigoulle ao goberno nacionalista a colocar as bandeiras no salón de plenos e no edificio municipal en base ao cumprimento da legalidade. Respecto do xeito de gobernar que lembra a outros tempos di que esta moción xa se debateu na Comisión Informativa de Cultura e foi ditaminada en contra e unha cousa é que a moción non estivera aquí e outra é que non deba estar. Non ten nada que ver o que pasou hai 24 anos ou máis para que o retrato do Rei presida este Pleno. Non é cuestión de consideración persoais ou partidistas xa que a colocación do retrato vén imposta polo ROF. A intención do goberno municipal non foi atentar contra ningún patrimonio cultural do Concello e non teñen intención de estragar nada e non se estragou nada. Entende que non teñen que pedir perdón por facer algo coma isto e o goberno ten recoñecida sobradamente a súa implicación coa cultura, cando menos tanto como os demais gobernos.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que o BNG adoptou acordos durante máis de 25 anos cando non tiña colgadas as bandeiras e todos aqueles acordos plenarios valeron. Vostedes tiveron todos aqueles anos para pedir o que pediu o PSOE que foi que se colgasen as bandeiras e así o BNG, democraticamente, asumiu o acordo e colocáronse as bandeiras sen que houbera ningún tipo de problema ao respecto. Dille á voceira do PP que non desvíe o asunto ao tema dos símbolos porque o BNG ten uns símbolos moi identificados, pero unha cousa é iso e outra o que di a moción. En Fene hai un acordo dos grupos municipais, agás o PP, no que se fai unha homenaxe a unhas persoas, uns cargos institucionais e outros veciños e veciñas do Concello que para eles ten moitísimo valor, e para os demais grupos que apoian a proposta tamén, que foi encargar unha instalación que simbolizase iso e vostedes, co pretexto de colocar ao xefe do Estado o colocaron aí cando ben podían telo falado coas demais formacións políticas, non para saber si é legal ou non, se non para non estragar unha obra de arte, así calquera que entre pola porta pode darse conta da "machada". Vostedes, cumprindo a premisa legal de colocar nun lugar preferente a representación do Rei estragaron unha obra de artística cando a puideron poñer noutra superficie. Non obstante ese non é o debate, o debate céntrase en que os veciños e veciñas de Fene teñen que saber que aquí hai unha obra de arte, que igual que o edificio, é unha obra de arte premiada que non permite que se cambie o fondo ou o color da parede, porque perdería o sentido. Por iso poden colocar o retrato do Rei onde queiran pero non estraguen esta obra de arte.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que non discute se o retrato ten que estar ou non, se non está non pasa nada como dixo o representante do BNG. O que discute é que se respecte unha obra artística. Eles pediron a instalación das bandeiras, é certo, gañouse unha votación e executouse o acordo e espera que o goberno municipal agora faga de igual xeito e respecten o acordo deste Pleno. Asumindo o que a Lei di, entende que sería igual de preferente noutro lugar do salón e non interferiría na obra de arte. Entende que agora si se interfere na obra de arte e ten transcendencia pública porque saíu nun medio de comunicación, con foto incluso. O goberno municipal o fixo mal e deben rectificar.

De seguido a voceira do grupo municipal do PP, Rocio Aurora Bértoa Puente, fai uso da palabra para dicir que o goberno do BNG non se gastaba cartos en bandeiras é mentira porque si que se gastaban. Cando dixo que se se retira o cadro non se enteira ninguén quixo dicir que a obra vai seguir igual. Dixo o voceiro do PSOE que o cadro do Rei está no medio da obra e ela entende que o cadro está nun lado. O PP ve a cuestión como se dixo na primeira intervención e non é a súa intención desprestixiar ningún tipo de expresión artística nin patrimonio deste concello. Dixeron que ben se puido facer algún tipo de reunión para tratar a instalación do cadro do Rei cando isto está estipulado, pero é triste que un partido político teña que traer ao pleno unha moción para que o goberno correspondente cumpra a legalidade, como tivo que facer o PSOE. Ese non é o xeito de proceder democraticamente senón que o democrático sería cumprir a legalidade sen que se tivera que presentar aquela moción. Esta moción pide que se retire e que se pida perdón publicamente e isto non concorda coa petición de negociación. Reitera que a súa intención non é danar a obra e pide desculpas se foi o que se pensou. Anuncia o voto en contra do PP.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, que di que a cuestión está clara, o PP non quixo facer ningunha emenda ni asumir criticamente a súa proposta.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Reprobar o atentado contra o patrimonio artístico municipal, que se concreta na introdución dun elemento alleo á instalación "En movemento", perpetrado pola Alcaldía e o grupo municipal do PP.

2. Instar á alcaldía para que ordene, á maior brevidade posible e en todo caso antes do próximo pleno municipal ordinario, a restauración da instalación "En movemento", retirando os elementos arbitrariamente introducidos polo Alcalde e o seu grupo, devolvendo a instalación ao seu estado anterior.

3. Instar á alcaldía a que publique, á maior brevidade e en todo caso antes do próximo pleno municipal ordinario, na páxina web municipal e nos medios de comunicación unha nota de prensa na que, en nome do goberno municipal de Fene, pide desculpas á veciñanza por adoptar unha decisión unilateral que atentaba contra o patrimonio artístico municipal, os acordos adoptados pola corporación municipal e os máis elementais valores democráticos ao tempo que se compromete á restauración da instalación "En movemento" nos termos acordados polo concello pleno.

4. Reafirmar o compromiso da corporación municipal co seu patrimonio histórico-artístico, acordando que non poderá ser obxecto de intervención de ningún tipo sen que esa intervención se trate previamente da Xunta de Portavoces e se someta á consideración do órgano corporativo correspondente.

10. Aprobación, se procede, da proposta da alcaldía de designación dun representante municipal no Consello escolar do CPR Jorge Juan

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente, por 3 votos a favor do PP e 3 abstencións (1 do grupo socialista, 1 do BNG e 1 do grupo mixto) na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade realizada o 03.01.2014:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Designación de representante municipal no Consello Escolar do Cpr Jorge Juan

Esta alcaldía, de conformidade co artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e disposicións concordantes, PROPÓN ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Designar como representante do concello no Consello Escolar do Cpr Jorge Juan a dona Juana Barro Couto"

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que consideran que se lle debe dar profundidade á proposta xa que non sabe se o concello debe ter representación nun colexio privado, porque entendemos que o concello está presente nos consellos escolares dos colexios non por ter competencias en educación, se non por ser centros que o concello mantén e como mediador coa Consellería de Educación.

Neste momento auséntase a concelleira Rita María Couto Seijido e Juan José Franco Casal.

Prosegue o concelleiro Iván Puentes Rivera dicindo que se existe unha invitación dun centro escolar para formar parte dese consello escolar se pode estudar, debater ou votar. Por tanto,

discuten non o nomeamento senón o procedemento e este tema non se debateu previamente, polo que solicita que se debata conxuntamente entre todos os grupos políticos.

Neste momento incorpóranse á sesión concelleira Rita María Couto Seijido e Juan José Franco Casal.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que di que comparten o dito polo voceiro do PSOE. Gustaríalle que se retirase da orde do día para ser debatido na comisión informativa correspondente ou nunha xunta de voceiros. Nos demais nomeamentos sempre houbo un acordo previo.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que coincide co dito e solicita que se leve á Xunta de Voceiros.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a Xunta de Galicia esíxelle ao colexio Jorge Juan un representante do concello. Na comisión informativa había representantes de todos os grupos políticos e tratouse esta proposta e logo de darlles a palabra ningún concelleiro fixo ningunha intervención ao respecto. Aínda que ela non leva este tema, pensa que foi ben tratado e sinala que se trata dun tema menor. Pensa que o mellor sitio para tratalo foi e é na comisión e que ben puido quedar enriba da mesa.

De seguido intervén o alcalde que di que non hai ningún inconveniente en retirar o asunto da orde do día. Isto xurde dun xeito extraordinario e engade que o goberno non ten ningún inconveniente en que sexa outro representante.

O concelleiro Iván Puentes Rivera di que se a petición a fai a Xunta de Galicia pois perfecto, ao seu grupo válelle a designación da proposta pero no que discrepan e na cuestión de procedemento e por respecto ao anterior xeito de proceder deben seguir a manter o consenso.

O alcalde di que o mesmo que se está a dicir agora se puido ter feito na comisión e evitar incluír este punto na orde do día. O concelleiro Iván Puentes Rivera di que os pillou de súpeto. O alcalde di que a documentación e as comisións están a disposición dos concelleiros para o que necesiten.

A proposta da alcaldía decídese, por unanimidade dos concelleiros presentes, retirar o asunto da orde do día.

11. Mocións urxentes

11.1 Moción conxunta dos grupos municipais do Partido Popular (PP), Partido Socialista Obreiro Español (PSdeG-PSEOE), Bloque Nacionalista Galego (BNG) E Esquerda Unida (IU) do Concello de Fene para solicitar á Xunta de Galicia un estudo da incidencia da liña de alta tensión en San Valentín y a súa relación respecto da maior incidencia de enfermidades nos alumnos, profesores e persoal do CEIP A Xunqueira

Por unanimidade dos presentes apróbase a urxencia e incorporación á orde do día da seguinte moción conxunta á que o alcalde dá lectura:

“MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR (PP), PARTIDO SOCIALISTA OBREIRO ESPAÑOL (PSDEG-PSEOE), BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) E ESQUERDA UNIDA (IU) DO CONCELLO DE FENE PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA UN ESTUDO DA INCIDENCIA DA LINEA DE ALTA TENSIÓN EN SAN VALENTÍN Y A SUA RELACIÓN RESPECTO DA MAIOR INCIDENCIA DE ENFERMIDADES NOS ALUMNOS, PROFESORES E PERSOAL DO CEIP A XUNQUEIRA

Dona Rocío Bértoa Puente, Voceira do Partido Popular, Don Ivan Puentes Rivera, Voceiro do Partido Socialista obreiro Español, Don Manuel Polo Gundín, Voceiro do Bloque Nacionalista Galego e Dona María do Carmen Martínez Rodríguez, Voceira de Esquerda Unida, no Concello de Fene, o abeiro da lexislación vixente, presentan a petición da ANPA do Colexio A Xunqueira, para o seu debate no pleno da Corporación a seguinte

MOCION

A existencia dunha liña de alta tensión que cruza no barrio de San Valentín, Concello de Fene, por riba do patio do Colexio A Xunqueira, ven xerando inquietude polas consecuencias nocivas que pode ter para a saúde dos alumnos, profesores e persoal que presta os seus servizos no centro.

A existencia desta instalación, xusto enriba do colexio, e o feito de que se están a producir múltiples problemas de saúde entre o profesorado e o alumnado do centro, segundo manifestacións da ANPA do colexio, fai aconsellable que se gaga un estudo sobre a incidencia que os campos electromagnéticos poidan estar a ter, tanto a curto como a longo prazo, sobre todas as persoas que teñen pasado polo devantido centro, e que se compare, en termos porcentuais, cao media da poboación.

Por todo o sinalado anteriormente, e co obxecto de valorar a necesidade de soterrar e illar a liña de alta tensión referida, os grupos políticos do Concello de Fene propoñen ó Pleno a adopción do seguinte acordo: ...

1º.- Que por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, en colaboración coa Consellería de Educación, se realice un estudo sobre a incidencia dos campos electromagnéticos na existencia dun maior número de enfermidades no alumnado, profesorado e persoal que presta os seus servizos no colexio A Xunqueira de San Valentín dende a súa construción ata hoxe, e que se compren os resultados, en termos porcentuais, coa media da poboación xeral.

Fene a 9 de xaneiro de 2014.

ROCIO BERTO PUENTE
P.P.
MANUEL POLO GUNDIN
B.N.G.

IVAN PUENTES RIVERA
PSdeG-PSOE
M. CARMEN MARTINEZ RODRIGUEZ
E.U.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PSOE, Iván Puentes Rivera, que di que van votar a favor desta moción, que está consensuada. Quere deixar constancia do compromiso para poder retirar as torres de alta tensión. Cando o PSOE estivo no goberno se fixeron varios estudos para retiralas e a imposibilidade foi o custe que supoñía para o concello, preto dun millón de euros, aínda que a Xunta de Galicia e Fenosa asumían cadansúa parte. A proposta que formula a ANPA parécelle unha boa idea. Se o estudo conclúe efectos negativos vai ser moi complicado que a Xunta de Galicia non decida actuar e por iso votarán a favor. Solicítalle ao alcalde que mañá mesmo se solicite dito estudo.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, que anuncia o voto favorable. Dito estudo abarcaría ao propio barrio de San Valentín, ao polideportivo e ao propio centro de ensino. Esta proposta, aínda que non pasou por comisión chega aquí consensuada o que é exemplo de que se poidan facer cousas deste xeito. Solicítalle tamén ao alcalde, para que se fagan as xestións ante as consellerías correspondentes para imprimirlle axilidade á xestión e solicítalle tamén colaboración ao propio centro escolar.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que está de acordo coa moción e unha vez aprobada solicita que os trámites se fagan á maior brevidade posible.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Que por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, en colaboración coa Consellería de Educación, se realice un estudo sobre a incidencia dos campos electromagnéticos na existencia dun maior número de enfermidades no alumnado, profesorado e persoal que presta os seus servizos no colexio A Xunqueira de San Valentín dende a súa construción ata hoxe, e que se compren os resultados, en termos porcentuais, coa media da poboación xeral.

12. Rogos e preguntas

O voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se retiren os restos de aceite do vehículo accidentado fronte á igrexa de Barallobre que están a provocar resbalóns. Xa o solicitaron no Pleno pasado e agora o reitera. Tampouco se repuxo o colector que estragou o vehículo.

- Roga respecto das marquesiñas que se revisen no seu conxunto e sinala deficiencias das situadas en Conces, as Pías, Sillobre, Tarrío, Marqués de Figueroa entre outras.

- ¿Se están facendo as labores de mantemento no campo de fútbol?. Concretamente queren saber si se fixo peiteado do céspede artificial para espallar o caucho moído por toda a herba. Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que se está a facer un informe do estado das instalacións deportivas.

- Rogan que se arranxen determinadas instalacións do campo de fútbol como son os banquiños. Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que dende o 2011 hai un informe que sinalaba deficiencias, por iso no 2012 leváronse á nave de San Marcos, deixando só os imprescindibles, para seren reparados aínda que non dun xeito urxente porque hai outras cousas que van por diante.

- Respecto do campo de fútbol houbo un compromiso do alcalde para que no primeiro pleno de xaneiro ía vir unha modificación de crédito para poder acometer a obra da instalación eléctrica, e pregunta para cando virá.

Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que houbo que esperar a que entrasen en vigor os orzamentos prorrogados e non deu tempo material para que viñese a este Pleno, polo que ou ben se fará un pleno extraordinario no que se pode incluír tamén algunha outra cousa ou ben se deixará para o pleno ordinario de febreiro.

- Logo de transcorrer 6 meses dende que entrou en vigor o contrato de recollida de animais domésticos queren saber, ¿cal é a media de recollida mensual de animais?.

Contesta o alcalde dicindo que na última reunión da Mancomunidade lle informaron que a recollida estaba sendo menor, que houbo menos animais para recoller, pero non lle facilitaron datos. Espera que o vindeiro luns, que volve haber reunión se lle faciliten.

- En relación co polígono industrial do Vilar do Colo no anterior Pleno falouse da transferencia da rúa Astano á Xunta de Galicia e pregunta, ¿fíxose algunha xestión ao respecto?, e si se fixo, ¿en que punto está?.

Contesta o alcalde dicindo que segue ligada á mellora da rúa do colexio do Ramo.

- Roga que se asfalte o camiño que leva ao polígono Vilar do Colo dende o cemiterio municipal.

- ¿Hai algunha novidade respecto das obras da Xunta de Galicia para a canalización do río Cádavo?.

Contesta o alcalde dicindo que o compromiso é facer unha canalización e non ir a ceo aberto. Para a vindeira semana terá unha entrevista en Augas de Galicia e preguntará.

- ¿Hai algunha novidade respecto da traída de auga para Magalofes e da rede de saneamento de San Marcos e a parte alta de Sillobre?.

Contesta o alcalde dicindo que seguen sen ter depósitos e agora mesmo, non hai posibilidade de conseguilos, e dicir, que hai que mirar de buscar novos lugares e neso se está. Falou coa Asociación de Veciños de Magalofes e semella que hai unha oferta. Todo isto non quere dicir que non se lle insista á Consellería para facer as obras que haxa que facer, pero onde estaba previsto que se ía facer é certo que non se pode. En relación coa rede de saneamento de San Marcos pensa que no seu momento haberá que modificar o trazado, xa que pensa que non é viable que se desenvolva por fincas particulares.

- ¿Hai algunha novidade respecto da segunda escola infantil?.

Contesta o alcalde dicindo que se non hai ningunha novidade é posible que o vindeiro luns se asine o convenio.

- Roga que se achegue á Xunta de Galicia un problema que hai na estrada de Limodre a Cabanas na curva que hai antes de chegar a Malú.

- Roga que se arranxe con grava o camiño de Mundín que vai cara a nave de Rivera.

- O concelleiro de promoción económica lles dixo na Comisión que se ía pedir unha axuda á Deputación Provincial para facer unha primeira mostra de turismo en Fene e quere saber si xa está concretado como vai ser ese proxecto.

Contesta o concelleiro Juan Jose Franco Casal dicindo que dende a Comisión só pasaron 9 días, que houbo festivos, o fin de semana e vacacións do persoal, polo que a partir de agora procederá a traballar neste.

- ¿Como está o acordo plenario relativo á solicitude dunha entrevista para falar de Astano co presidente da Xunta de Galicia respecto dos contratos con Pemex?.

Contesta o alcalde dicindo que considera que se houbo unha reunión no Concello de Ferrol no que concorreron todos os alcaldes de Ferrol, Eume e Ortegá convocados polo Comité de Empresa de Navantia, no que se acordou isto mesmo, pensa que non é preciso que inste a reunión Fene pola súa conta. Parécelle máis prudente actuar conxuntamente e non individualmente.

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Avanzouse algo no tema da cesión dos terreos da Consellería de Educación para a ampliación do IES de Fene?.

Contesta o alcalde dicindo que se está traballando en emendar a documentación que se presentara.

- Recibiron queixas do problema que ten parte do alumnado do IES de Fene respecto do transporte, xa que se se quere potenciar este centro e que os alumnos non marchen cara Ferrol, debíase facer algo ao respecto.

Contesta o alcalde dicindo que xa se falou no Consello Escolar e se fixo unha xestión coa empresa IASA, que non está pola labor. Tamén falou coa antiga empresa do Vieiro, que agora leva a empresa Varela e ten problemas de servizo con IASA, non obstante cara ao seguinte Consello Escolar, programado aproximadamente para marzo, verase se hai algunha solución.

- ¿Como está o tema do punto limpo?, ¿iniciáronse ou non as obras?, ¿avanzouse algo respecto do modo de xestión que vai ter?.

Contesta o alcalde dicindo que si remataron as obras do punto limpo e hoxe mesmo entrou por rexistro a acta e as chaves da instalación e o vindeiro luns, na reunión da Mancomunidade, vai na orde do día o punto limpo de Cabanas e Fene.

- ¿Avanzouse algo na creación do ente de conservación do polígono industrial Vilar do Colo?.

Contesta o alcalde que falou ao respecto co alcalde de Cabanas e con algún empresario e non se avanzou nada. Os empresarios agora mesmo non están pola labor aínda que está todo feito, incluso as cotas que lle correspondería a cada empresa e o xeito da distribución. O anterior presidente dimitiu e estase á espera dunha convocatoria que quedou de facer o Concello de Cabanas.

- En relación coa revisión do PXOM di que o 25.02.2012 presentaron un escrito con varias cuestións e dende aquela pouco máis se avanzou, os prazos dos contratos deben ir máis que estendidos, polo que queren saber que ten pensado facer o goberno.

Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que na anterior comisión dixo que a súa intención é que antes de que remate xaneiro se poidan sentar coas modificacións, que a día de hoxe aínda non lles achegou a empresa, pese a que se lles requiriu que as achegase. Dende o último pleno e logo do Nadal, espera retomar este asunto con forza e poder sentarse os catro grupos para falar antes de que remate o ano.

- A EDAR ía estar en funcionamento en xullo do ano pasado polo que pregunta, ¿para cando estará en marcha?, ¿hai algunha estimación do custe do servizo que se lle vai cobrar aos veciños?.

Contesta o alcalde dicindo que o mes pasado pensa que chegaron 3 dos 4 contratos que faltaban dos bombeos de Fene e que, se é o caso, llo pode facilitar. En Ares pensa que xa están bombeando algo cara á EDAR, que de momento está en probas.

- Recibiron queixas pola presenza de ratas en San Valentín polo que rogan que se desraticen.

- ¿Vanse pagar as subvencións nominativas do ano 2013 ás sociedades?.

Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que agora mesmo non lle pode contestar exactamente o que lle pregunta, o que si lle pode dicir é que hai dúas Resolucións da alcaldía que recollen tanto as subvencións de concorrencia competitiva como as subvencións nominativas, do que deu conta na Comisión de Cultura.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Manuel Polo Gundín, di que o seu goberno comprometeuse a facer un pagamento a determinadas asociacións e quere saber se se pagaron ou non.

Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que se lle preguntou na comisión de novembro cando se ían pagar e explicou como se ían tramitar pero que non sabían cando se ían pagar, que iso era competencia doutra comisión. Como o pagamento fíxose logo do pleno de decembro, na comisión de decembro deuse conta das Resolucións da alcaldía do pagamento polo que se pagaron a todas as sociedades nos conceptos que estaban estipulados no orzamento que non se aprobou a través da emisión de facturas, agás unha sociedade deportiva que emitiu unha factura con IVE, xa que non estaba exenta del, polo que a factura é superior no importe de dito IVE á concedida no orzamento.

- Roga á voceira do grupo municipal do PP que con independencia do que eles digan nas comisións, dille que as comisións informativas son para informarlles aos concelleiros e que o pleno é para informarlles aos veciños, así as comisións informativas son privadas e o pleno é a parte pública e que contén as intervencións dos grupos políticos. Rógalle que non lles reitere que disto ou aquilo xa deu conta nas comisións, xa que o que lles interesa é que conste na acta á xestión municipal, que é unha das súas funcións.

Contesta a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente dicindo que ela ten claro que a comisións informativas son secretas pero hai membros da Corporación que non. Rógalle á Corporación que cousas coma a ocorrida antes se poida solucionar na propia comisión, que do mesmo xeito que se pide que as Comisións teñan contido do goberno coa dación de contas, tamén lles pide algo pola outra parte.

- Logo do visto no mes de decembro que cualifica como de esperpento, primeiro o esperpento da agresión a esta obra de arte, logo fíxose un pleno extraordinario minutos despois da entrega dun premio gastronómico que en si mesmo estivo mal organizado e que foi improvisado. Tamén estiveron convocados a unha comisión 5 minutos antes do pleno, comisión que ao final non se fixo e que é outro elemento máis de improvisación. Logo deuse o salto a unha inauguración dunha galería de alcaldes sen un protocolo mínimo, nin unha atención mínima ás persoas que foron alcaldes deste concello, sen que estes soubesen que tiñan que falar, o que provocou máis improvisación, é dicir, unha sucesión de improvisacións que non caben na cabeza de alguén que está nunha Corporación pretendendo representar a todos os grupos, porque particularmente o BNG síntese pouco e mal representado. Logo desta presentación da galería de alcaldes que foi totalmente descontextualizada, tanto que non había reserva de cadeiras para determinadas persoas ou que non chegaron os folletos informativos. ¿Como foi posible facer isto e non ter todas as fotografías?. No caso de non haberlas, cando menos, habería que deixar o espazo de quen foi alcalde, porque tan alcalde foi o primeiro como o último, ou o que ten foto como o que non a ten. Todo isto é unha cuestión de tacto. Non é de recibo que non se explique o contexto, porque debíase ter contextualizado aos alcaldes co seu contexto histórico, sociolóxico, político, porque agás os máis próximos no tempo, do resto non se sabe nada. Roga que as cousas se fagan ben.

- En relación á carreira San Silvestre di que pode ser unha boa idea, igual que o concurso de tapas, pero foi tamén improvisada, mal e tarde. O 10.12.2013 non se sabía desta carreira, así na carreira da Volta á Ría non se sabía desta outra, non se publicitou. A propia organización tivo fallos brutais e non foi un problema de principiantes, porque experiencia hai de moitos anos, foi un problema de organización, de facer as cousas con tempo e dedicación. O cartel, por exemplo, estivo mal escrito, isto xa se advertiu no cartel da Volta á Ría pero días máis tarde aparece estoutro tamén mal escrito. Semella que é unha tomadura de pelo pero pensa que é causa de facer as cousas ás presas. Roga que estas cuestións non se improvisen e que consulten aos técnicos e aos membros desta Corporación. Non obstante avanza que van presentar escritos preguntando cousa por cousa.

- Nas Resolucións da alcaldía viron unha sorprendente do mes de novembro no que se contrata ou se fai o pagamento de máis de 50000 euros para Anibal Soto cun informe desfavorable, polo que seguen subcontratando irregularmente e facendo a cesión ilegal de traballadores, que segue sendo igual de irregular que cando a reforma laboral. Roga que non se subcontrate.
- En relación coas árbores do Parque de Educación Viaria di que é un crime, non se pode podar unha árbore replantada. A tala feita é unha escabichina. Rogan que o vaian ver.

A voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Roga que se arranxen as marquesiñas. Engade que nun pleno contestouse que as marquesiñas que tiñan cristais rotos non eran unha prioridade, que había outras cousas, o que pode entender pero fai fincapé na marquesiña do colexio Centieiras á que lle faltan dúas cristaleiras e a outra está totalmente rota, con perigo de corte. Di que é unha marquesiña utilizada por nenos.

- Roga que se arranxen os banquiños do campo de fútbol dos Pinares, non hai un que teña todos os cristais enteiros. Tamén se cortou un tubo preto dunha portería, pero non se fixo á altura do chan, polo que sobresaie un pouco e é un elemento perigoso. Roga o seu arranxo.

- Roga que se limpe a maleza do camiño que vai cara aos Pinares e que se lle poida votar un pouco de grava. Os veciños lle deron as queixas de que non son quen de ser atendidos polo concelleiro de Servizos, e como non é a primeira queixa que recibe del, quere poñelo de manifesto para que se lles poida atender.

- ¿Se vai pagar o novo canon a Sogama?.

Contesta o alcalde que xa se dixo nunha xunta de voceiros que o canon virá cunha suba e haberá que facer fronte a esa suba. Di que non está de acordo en repercutir ningunha suba aos veciños, pero se vostedes consideran que se debe repercutir no recibo tamén o poden falar na propia xunta de voceiros. Di que neste tema ponse ás súas ordes e segundo o que propoñan así o vai facer, deste xeito non poderá dicir que a oposición non lle deixa traballar.

- Roga en relación a algo que xa ten rogado o grupo municipal do BNG para que o goberno non lle diga aos veciños que a oposición é quen non facilita o traballo do grupo de goberno, como foi co arranxo do camiño que vai dende Barallobre ao polígono.

Contesta o alcalde que ignora con quen puido falar dese camiño e dicirille semellante cousa, que si foi así, aquí mesmo o retira, porque el non adoce facer eses comentarios.

- ¿Cando se vai volver convocar a Comisión de Investigación?.

Contesta o alcalde que esta comisión convocarase, seguramente, a finais de mes, tan axiña se reincorpore a secretaria municipal.

- Quere deixar constancia do esperpento do día da galería dos alcaldes, entende que foi todo unha improvisación e que a xente non sabía que tiña que facer unha pequena intervención. Así mesmo pide que conste que non está a descualificar ao grupo musical, que non pon en dúbida a súa calidade nin nada disto, pero entende que ese día debíase tocar música galega, que non pegaba nada a música que alí se interpretou.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20:58 horas, de todo o que como secretario accidental dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García